

TRANSIT ANDO ARTE

19 NOVEMBRO 2021

JULIA AGUIAR

TALLER DE ARTE

Dirixido ao público infantil do EIM Os Cativos de Palavea, de menos de tres anos (acompañados)
Obradoiro guiado pola artista Julia Aguiar con ampla experiencia en trasladar a linguaxe e pensamento artístico ao público infantil.

Asociación Veciñal "Os nosos lares". Mercado Municipal de Palavea de 10:30-a 11:30 horas



O venres estábamos moi contentos!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!

Julia, unha gran pintora, viño a buscarnos.

Preparámonos coa roupa de abrigo.

Tamén levamos bolsas e cestas para recoller paos, follas, pedras, flores

A las 10:00 saímos da escola



Cara a Asociación veciñal





Camiñamos a praza do Padre Busto

Chegamos a Asociación veciñal Os Nossos Lares



ASOCIACIÓN VECINAL "OS NOSOS LARES"
PALACERÍA SAN CLEMENTE - PONTE DA PASARELA

Aí recibíunos
Ana, unha das
grandes
colaboradoras
da asociación.



O tiñan todo moi
ben preparado...
Para que nos
puideramos
manipular, amasar,
pintar, xuntar,
partir... crear.





















Nas fotos pódese
sentir a
concentración e a
disposición
creativa





De volta a escola, cansos e felizes

Participamos:

Olivia, Carolina, Emi, Xulia, Roi, Daniel, Hugo, Allen, Anxo, Lorena, Teo, Mateo, Julia, Ana, Candela, Breixo, Aldara, Carmen, Rui, Mateo, Martin, Ana, Valeria, Cristina, Lois, Susana, Mayte, Federico, Carlos, Silvia, Alan, Blanca, Pedro, Sara, Celia, Chus, Lara, Mauricio, Olalla, Luisa, Luka, Manuela, María



paisaxe
outonal de
palavea



palavea
Un paisaxe
outonal

Carta da asociación veciñal Os nosos Lares para vos, familias.

Estimadas familias da Escola Infantil municipal Os Cativos

En primeiro lugar gustaríanos agradecer profundamente a vosa participación no último obradoiro de "Transitando arte", un proxecto sociocomunitario e artístico-cultural que naceu como proposta desde o noso barrio. O proxecto é coordinado a nivel artístico por Dores Polo en colaboración coa directiva de esta asociación e nutrese da propia experiencia que todos os participantes, artistas locais, veciñanza de Coruña como do barrio dan a unha experiencia artística en diferentes espazos do barrio.

A escola sempre foi moi significativa para este barrio, moi vinculada a el e as súas necesidades, gracias a que a dirección da escola, de forma continuada (e incluso mais sostida que outras moitas entidades) entendeu sempre de forma excepcional a relación entre a escola e o seu entorno, o espazo, a natureza, e a súa dimensión pasada e presente. Non é unha illa educativa, senón un espazo dinámico que desborda o seu interés e iniciativa fóra dos muros en múltiples perspectivas e horizontes.

É unha gran lección que nos suele dar a escola e que dende a asociación veciñal tamén intentamos aprender.

Igualmente, as nenas y nenos, residan ou non en el coas súas familias, son una parte importante da vida de cualquier barrio e importante que no mesmo teñan tamén posibilidade de ter unha oferta sociocultural que lles permita poñer en valor e entender o seu entorno ou, incluso simplemente, poder ter opcións de disfrutar de el e en el sen necesidade de desplazarse o centro da cidade.

Desde a asociación veciñal seguimos intentando seguir traballando nesa dirección e agradecese toda a colaboración mutua, porque compartimos coa dirección da escola que a colaboración é clave para contribuir participativamente a un mellor desenvolvemento.

Sen mais, insistimos nos nosos sinceiros agradecementos e deseamos que todos vos podades asistir á exposición final (todavía faltan por concretar datas, pero será en decembro) que organizaremos como culmen e síntesis desta experiencia de "Transitando arte".

Un cordial saúdo,

Asociación veciñal "Os nosos lares" de Palavea- Santa Xema-Ponte da Pasaxe

Transit-ando-arte polo barrio de
Palavea o venres 19 de novembro,
unha proposta da asociación de
veciños Os Nossos Lares.

Moitas grazas

Transitar polos camiños
acompañados da
curiosidade, da ilusión,
dos amigos e do arte
dende o respecto e sen
fronteiras para o
coñecemento e a cultura

